



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



Expte. 2024/X999/000014

Vista a Providencia de Alcaldía para a convocatoria da mesa de negociación para o establecemento dos horarios do persoal funcionario e laboral de data 04/06/2024

Vista a acta da mesa de negociación celebrada o día 13 de xuño de 2024 asinada o día 25 de xuño de 2024 que recolle no punto 1 do orde do día o acordo por parte do Concello e dos representantes dos sindicatos presentes a súa conformidade á proposta feita dende Alcaldía de implantar unha xornada de 35 horas semanais para todo o persoal, laboral e funcionario.

Vista a proposta de Alcaldía de data 28/06/2024 de establecemento da xornada laboral de 35 horas semanais para os empregados públicos do Concello de Cerdido

Visto o informe de secretaría intervención de data 28/06/2024

No uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local,
RESOLVO:

PRIMEIRO: Establecer a xornada laboral de 35 horas semanais para todos os empregados públicos do Concello de Cerdido (persoal laboral e funcionario), con efectos dende o día 1 de xullo de 2024.

Documento electrónico asinado de xeito telemático polo Alcalde, D. Alberto J. Rey Paz, do que eu secretaria- interventora, D^a. M^a Carmen Sanmillán Villar, dou fe.